



RESOLUCION DO 29 DIC. 2011 DA DIRECCION XERAL DE ORDENACION E XESTION DOS RECURSOS MARIÑOS POLA QUE SE APROBA O PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO "RIA DE CEDEIRA" PARA O ANO 2012.

Antecedentes

A coordinación da reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" remite a esta Dirección Xeral a proposta do Plan de Xestión Integral para o ano 2012, trala consulta cos titulares incluídos no censo da reseva mariña.

O día 16 de decembro de 2011 foi convocado o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña co obxecto de debatir e aprobar, de ser o caso, a proposta de Plan presentado.

Consideracións técnicas e legais

O equipo de seguimento científico da reserva mariña de interese pesqueiro emitiu o correspondente informe técnico sobre a actividade pesqueira no ámbito da reserva.

O biólogo de zona emitiu informe respecto á proposta do Plan presentado para a actividade marisqueira dentro da zona.

A xefatura da sección de Formación da xefatura territorial da Coruña emitiu informe respecto á actividade de mergullo no ámbito da reserva.

O órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña emitiu as súas valoracións e propuxo modificacións na proposta do Plan de Xestión Integral, na súa reunión do día 22 de decembro de 2011.

O artigo 7º do Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do seu artigo 4º, así como a) e b) do seu artigo 6º desenvolveranse no marco do Plan de Xestión Integral, que será aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, logo do informe do órgano de xestión, seguimento e control da reserva.

O artigo 6º do Decreto 312/2009, do 28 de maio, modificado polo Decreto 150/2011, do 21 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños as competencias sobre ordenación pesqueira, tanto de carácter profesional como recreativo, ordenación do marisqueo; establecemento das condicións para o exercicio das actividades pesqueiras, marisqueiras; conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños vivos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25

galicia

Así pois, á vista dos feitos e das consideracións legais e técnicas, esta Dirección Xeral resolve

Aprobar o Plan de Xestión Integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", que figura como anexo a esta resolución, para o ano 2012.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 29 DIC. 2011

O director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

Pablo R. Fernández Asensio

